



A cuadrilla lucense “Xian” gaña na V Copa España de Caza de Raposo

O pasado 27 de xaneiro de 2008 tiña lugar en Portomarín (Lugo) a quinta edición da Copa España de Caza de Raposo, organizada pola Real Federación Española de Caza e a Federación Galega de Caza en colaboración con 22 sociedades de toda a zona.

As 9.00h daba comezo a proba onde as 89 cuadrillas participantes repartíanse en 4 saídas: Guntín, Paradela, Lousada e o propio pobo de Portomarín. Os 890 participantes repartidos entre cazadores e xuíces, mais o respectivo guía de cada equipo partían así cara as zonas de caza, repartidas por diversos tecores da zona, rematando a xornada de caza as 13.30h. A entrada a control facíase en tres puntos diferentes para axilizar o proceso e dabase por finalizada ás 14.30h.

Foron 40 cuadrillas as que conseguiron cazar polo menos un raposo, sumando entre elas un total de 69 capturas. Feitos os necesarios desempates por sorteo, a clasificación final foi a seguinte: a cuadrilla “Xian” da provincia de Lugo foi a gañadora, cun total de 5 raposos cazados. Segunda foi a cuadrilla “Raposeiros de Arzúa”, da provincia de A Coruña, que cazaba 4 raposos; os mesmos que a cuadrilla “Trazo B”, tamén da provincia da Coruña, terceira clasificada. En resumo, os 10 primeiros postos da clasificación quedaron do seguinte xeito:

CLASIFICACION FINAL

Pos.	Cuadrilla	Raposos Capturados
1º	Xian (LU)	5 raposos
2º	Raposeiros de Arzúa (CO)	4 raposos
3º	Trazo B (CO)	4 raposos
4º	San Fernando Vicente (CO)	3 raposos
5º	A Trapa (LU)	3 raposos
6º	Fontefría (LU)	3 raposos
7º	Pena Veitureira (LU)	2 raposos
8º	Imos Tirando (CO)	2 raposos
9º	Paraño (LU)	2 raposos
10º	A Xesteira (LU)	2 raposos

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com